



DECRETO.- Ourense, na data da sinatura electrónica

Exp. Núm. 2017034483

Visto o informe-proposta que consta no expediente de referencia, esta concelleira no exercicio das atribucións legalmente conferidas por decreto da Alcaldía núm. 2017002214 do 30.03.2017;

RESOLVE

ÚNICO.- Aprobar a Convocatoria do proceso de participación veciñal para a presentación de propostas de mulleres relevantes coas que nomear as prazas e rúas do Concello de Ourense, co seguinte contido:

Antecedentes

1.- A proposta de feminizar o rueiro ourensán vén fundamentada no III Plan para a Promoción da Equidade de Xénero do Concello de Ourense (2017-2020), no seu obxectivo 10 -Promover a igualdade entre mulleres e homes nos diferentes usos do espazo público, no planeamento urbanístico, na mobilidade e no medioambiente- e, máis concretamente, na primeira das súas medidas: Reimpulsar a visibilización e posta en valor da contribución das mulleres á historia a través da asignación de nomes de mulleres ou de efemérides relacionadas coa igualdade nos novos edificios e dotacións públicas (centros diversos, bibliotecas, salas, etc.) e nas rúas e prazas da cidade (presentando propostas de novas fillas ilustres da cidade) para que entren a formar parte do patrimonio urbanístico da cidade e divulgar así o seu coñecemento.

2.- Igualmente, na sesión plenaria do 7 de abril de 2017 acordouse por unanimidade levar a cabo as seguinte proposta:

- A) Instar o goberno municipal para que proceda a iniciar os trámites oportunos para a apertura dun proceso de participación veciñal co obxectivo de recoller propostas de mulleres relevantes coas que renomear as prazas 100, 200, 500 e 1000.*

É un feito constatado ao longo do tempo que a inmensa maioría das rúas e prazas do noso concello teñen recibido nomes de homes, a pesares da iniciativa emprendida hai xa varios anos por parte do goberno municipal de feminizar o rueiro ourensán. Tendo en conta que nesta materia seguen a persistir diferenzas significativas en función do xénero, considérase necesario reimpulsar o labor de designar con nomes de muller as nosas rúas e prazas e acadar progresivamente un concello máis equitativo.

Con esta finalidade e para dar cumprimento ao III Plan para a Promoción da Equidade de Xénero

do Concello de Ourense (2017-2020), así como á nomeada proposta acordada no seu día no Pleno municipal, emítense as seguintes



BASES

PRIMEIRA.- Poderán ser propostas mulleres relevantes, preferentemente ourensás e galegas, destacadas na defensa dos dereitos das mulleres, o feminismo e a loita pola igualdade de xénero.

SEGUNDA.- As propostas virán acompañadas dunha memoria explicativa sobre o méritos alegados debidamente acreditados. Xúntase un modelo de proposta e memoria no ANEXO I.

TERCEIRA.- A presentación de propostas farase a través do Rexistro municipal do Concello de Ourense ou por calquera outro medio admitido pola lexislación vixente e dirixidas á Concellería de Igualdade, r/Ensino, 24- CP. 32002-Ourense.

CUARTA.- O prazo de presentación será de DOUS (2) MESES, a partir da data de publicación.

QUINTA.- As propostas serán valoradas no Consello Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, que adoptará o acordo por maioría e poderá rexeitarse ou quedar deserto.

SEXTA.- A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas normas.

ANEXO I

PROPOÑENTE:

CANDIDATA PROPOSTA:

MÉRITOS ALEGADOS (FORMACIÓN, TRAXECTORIA PERSOAL, EXPERIENCIA PROFESIONAL, RECOÑECIMENTOS...) E ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS NO ÁMBITO DA PROMOCIÓ DA EQUIDADE DE XÉNERO LEVADAS A CABO POLA MULLER PROPOSTA

DOCUMENTACIÓ ACHEGADA PARA FUNDAMENTAR A PROPOSTA (*)

(Curriculum Vitae, documentación varia –hemeroteca, redes sociais...-)

(*) Requisito imprescindible para dotar de validez a dita proposta

O manda e asina a Sra. Concelleira Delegada de Igualdade do que eu oficial maior dou fe.